

## **Modificación de 9 de marzo de 2023, da Instrución conxunta 5/2019, do 1 de marzo, da Xerencia e da Secretaría Xeral para o desenvolvemento de medidas de tratamento de datos de carácter persoal na Universidade de Vigo**

Co fin de axustar a Instrución conxunta 5/2019, de 1 de marzo, para o desenvolvemento de medidas de tratamento de datos de carácter persoal na Universidade de Vigo aos diversos cambios que se teñen producido na aplicación do marco xurídico da protección de datos persoais e de acomodar o seu texto ás pretensións perseguidas con ela e á realidade dos tratamentos de datos que se levan a cabo no marco da actividade da institución, a Xerencia e maila Secretaría Xeral acordan aprobar seguintes modificacións e a elaboración e publicación do correspondente texto consolidado da mesma.

Para os efectos dunha mellor localización dos cambios introducidos resúmense do seguinte xeito:

### **1. Ampliación do ámbito subxectivo de aplicación (epígrafe I)**

Modifícase o ámbito subxectivo de aplicación para que abranga con carácter xeral a todas aquelas persoas que leven a cabo, normalmente de xeito puntual e transitorio, actividades ou traballos que impliquen calquera tipo de tratamento de datos en nome da Universidade de Vigo (e respecto dos cales a Universidade actúa como responsable do tratamento), se ben segue a ser o persoal propio o principal destinatario.

### **2. Modificación e incorporación de novas definicións (epígrafe II)**

Por un lado, amplíase o contido dalgunhas das definicións anteriores para achegar explicacións e aclaracións que axuden á mellor comprensión do alcance da Instrución na práctica diaria. Por outro, incorpóranse definicións que ata agora non se contemplaban (como categorías especiais de datos, base de lexitimación, corresponsabilidade, cesión ou comunicación de datos, transferencia internacional de datos...) e se considerou oportuno incluír atendendo ao seu alcance e á súa implicación práctica.

### **3. Supresión da relación do contido concreto do RAT (epígrafe IV)**

Elimínouse a enumeración exhaustiva e concreta de actividades de tratamento que integran o RAT da Universidade de Vigo, sendo substituído por unha remisión á súa dispoñibilidade na páxina web da Universidade de Vigo.

### **4. Modificacións relativas aos contratos de encargo do tratamento de datos persoais (epígrafe VIII e Anexo IV)**

Incorpóranse expresamente os convenios ás situacións que existen CETDP, se ben se remite ao epígrafe IX para determinar o modelo de CETDP a empregar.

No Anexo IV modifícase a nota ao pé, pois a redacción anterior (copia literal do artigo 30.5 do RXPD) non reflectía con exactitude e claridade que o alcance da exención ao que se facía referencia era unicamente a levar un RAT por escrito.

## 5. Modificación integral de todo o relativo a convenios (epígrafe IX e Anexos V, VI e VII)

Os cambios teñen por finalidade describir as distintas situacións que se poden dar tanto en función do país ou territorio ao que pertenza a outra parte asinante como do diferente grao de implicación das partes no relativo aos tratamentos de datos derivados da execución das prestacións co fin de que se poida redactar adecuadamente o modelo de cláusula.

Mantense a diferenciación de tres anexos (Anexos V, VI e VII) atendendo ao país ou territorio no que se localice a outra parte; pero agora a redacción de cada un dos anexos non é única senón que contan cunha parte variable en función do grao de implicación (diferenciando entre inexistencia de previsión de prestacións concretas dado o carácter xenérico do instrumento, responsabilidade independente, corresponsabilidade ou encargo do tratamento).

## 6. Modificación da información sobre protección de datos para convocatorias (Anexo VIII)

Introdúcese o cambio necesario para facer constar que a publicación de datos persoais a través dos actos administrativos integrantes do procedemento non ten como base de lexitimación o consentimento das persoas afectadas (*como parecía desprenderse da anterior expresión “autorizan”*) senón o cumprimento dunha obriga legal. Todo iso sen prexuízo (1º) da posibilidade de adoptar medidas concretas no caso de vítimas de violencia de xénero que se segue a manter e (2º) das regras de publicación dos datos de identidade previstas no epígrafe XI da propia Instrución.

## 7. Outros cambios menores

Finalmente, leváronse a cabo as oportunas **actualizacións** daquelas **referencias** que por teren cambiado quedaron **obsoletas** (*como o vixente Decreto de nomeamento do reitor, o Real Decreto polo que se aproba o Esquema Nacional de Seguridade...*); introducíronse aqueles **cambios de redacción** que, sen alterar o sentido da versión anterior, se consideraron precisas para mellorar a comprensión da mensaxe; e, naqueles **anexos** susceptibles de ser empregados en **castelán**, **elimínouse** a versión neste idioma (*que se seguirán a ofrecer a través do repertorio de Normativa accesible a través da Secretaría Online*).

A xerente  
Yolanda T. Lesmes Romero

O secretario xeral  
Miguel Ángel Michinel Álvarez